

galicia

Parques Naturais de Galicia  
Baixa Limia - Serra do Xurés

*Experiencias  
en plena  
natureza*

# Paisaxe granítica na fronteira



## NATUREZA PROTEXIDA

O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e mais o Parque Nacional de Peneda-Gerês únense nos límites entre Portugal e Galicia, formando un espazo transfronteirizo único de 267.958 ha de extensión, declarado no ano 2009 Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés.

Estamos nun territorio onde as serras escarpadas se mesturan con outras de formas máis dondas; onde os bosques frondosos contrastan cunha paisaxe granítica de montaña; onde os bolos cobran feitura singular e a auga está presente en

forma de ríos, pozas, fervezas naturais e tamén encoros, que ofrecen a posibilidade de remar en augas tranquilas no corazón do Xurés.

Aquí poderás descubrir un dos grandes atractivos que garda este espazo: a variedade de flora con máis de 807 especies, das cales 117 son endémicas, como o lirio do Xurés. Ademais, conta cunha gran diversidade de fauna, con cerca de 150 especies de aves e especies singulares, como a bovina autóctona: a vaca cachena.

### ACCESOS:

*O acceso máis frecuente lévase a cabo dende Ourense, pola A-52, para enlazar coa autovía AG-311 e continuar pola OU-540, en dirección Celanova e Portugal ata a sede do Parque en Lobios. Pódese continuar pola A-52 ata Xinzo de Limia e despois pola estrada comarcal OU-301 por Mugueimes, ou ben por Calvos de Randín e As Maus de Salas ata Lobios.*





**MÁIS INFORMACIÓN SOBRE O PARQUE E AS  
EXPERIENCIAS QUE CHE PROPOÑEMOS EN:**

**Centro de Visitantes Parque Natural Baixa Limia-Serra  
do Xurés**

Estrada de Portugal, 34. 32870 Lobios  
T. 988 788 755

**Centro de Interpretación Aqueae Querquennae Via Nova**

Porto Quintela. 32840 Bande  
T. 988 444 401

*Un paseo pola historia do Xurés.*



## PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Estamos nun lugar privilexiado para descubrir restos dos nosos devanceiros. Na serra do Labreiro atópase unha das maiores concentracións de túmulos ou mámoas de Europa e os dolmens de Maus de Salas e Val do Salas ben merecen unha visita.

Durante a romanización, este territorio coñeceu a construción da Vía Nova, que unía Braga con Astorga, o que propiciou que se erixisen edificacións civís como o campamento militar Aquis Querquennis, en Bande, ou a

vila con funcións de pousada viaria e instalación termal, Aquis Originis, próxima aos Baños de Riocaldo en Lobios. Outra visita obrigada é a igrexa visigótica de Santa Comba de Bande, do s. VII, única construción que se conserva dun antigo mosteiro.

A aldea de Cela en Lobios, coas súas construcións sobre bolos graníticos, e as Cortes da Carballeira en Entrimo son dúas mostras de arquitectura popular que che recomendamos visitar.



*Retrocedemos ao século I d.C., época da dinastía Flavia, para coñecer unha das calzadas romanas mellor conservadas e con máis miliarios de Europa.*



## CAMIÑO NATURAL VIA NOVA

Portela do Home

Aquis Originis

Centro de Visitantes  
P.N Baixa Limia-Serra do Xurés

Reparade

Reitoral de San Pedro

Santa Comba de Bande

A Vía Nova, hoxe reconvertida nunha ruta pertencente ao programa estatal Camiños Naturais, pódese percorrer en bicicleta, camiñando ou dacabalo. Tamén coñecida como Vía XVIII do Itinerario de Antonino, foi construída para unir as poboacións de Bracara Augusta (Braga-Portugal) e Asturica Augusta (Astorga).

A primeira etapa, de case 30 quilómetros, une Portela do

Home, en plena fronteira con Portugal, con Santa Comba de Bande. Durante este percorrido pódense visitar lugares como o balneario de Lobios e os restos da antiga mansio Aquis Originis. Recentemente sinalizouse unha segunda etapa que une Santa Comba de Bande e A Sainza de Abaixo, en Rairiz de Veiga.



*Rutas en bicicleta de montaña para os máis expertos e para os que queren desfrutar dun simple paseo.*



## CENTRO BTT SERRA DO XURÉS

Trátase dun destino de bicicleta de montaña que ofrece nove rutas de diferentes niveis de dificultade que permiten descubrir a riqueza patrimonial e natural ao longo de 225 quilómetros sinalizados. Conta con servizos de información, vestiarios e duchas, aluguer de material, lavado de bicicletas e aloxamento.

As rutas do Parque Forestal de Outeiro da Cela e a Megalítica, que parte dende As Maus de Salas, son dous sinxelos percorridos para realizar en familia.



Os máis expertos pódense internar nos picos de Fontefría e percorrer algunhas das poboacións máis singulares, coma A Cela, Prado de Limia, Requiás ou Guntumil.

- R1. **Parque Forestal Outeiro da Cela** 5,7 km.
- R2. **Travesía do Xurés** 25,5 km.
- R3. **Megalítica** 12,7 km.
- R4. **Picos de Fontefría** 32,4 km.
- R5. **Serra do Pisco** 27,9 km.
- R6. **Vía Nova** 29,4 km.
- R7. **Circular de Lobios** 27,4 km.
- R8. **Minas das Sombras** 40,2 km.
- R9. **Alto de Santa Eufemia** 24,4 km.

### PUNTOS DE ACOLLIDA :

**COMPLEXO TURÍSTICO-DEPORTIVO O CORGO**  
Outeiro da Cela s/n Mugueimes. 32880 Muíños  
T. 988 456 403 • 609 744 255 • 679 971 377

**CENTRO DE MONTAÑA AVIVA**  
Rúa Tulla 59. As Maus de Salas. 32880 Muíños.  
T. 607 477 375 • 634 910 503

*Descobre o pracer de perderte sabendo en todo momento cal é o teu destino.*



## SENDAS DE O XURÉS

Para os amantes de calzar botas de montaña e descubrir novos lugares, O Xurés é o destino perfecto para camiñar por sendas sinalizadas que te achegan aos recursos máis representativos do parque.

Dende o Balneario de Lobios podes enlazar a Ruta da Corga da Fecha e coñecer unha das fervezas máis altas de Galicia, cuxas augas finalizan o seu percorrido no río Caldo.

Se queres obter unha visión xeral dos recursos máis destacados do Parque, dende a aldea de A Cela pódeste dirixir

cara a fronteira con Portugal en Pitões nun dos percorridos máis esixentes e espectaculares existentes.



Ruta da Corga da Fecha

Ruta de Padrendo

Ruta de Queguas

Ruta da Ermita do Xurés

Ruta Minas das Sombras

Ruta do Río Agro

Ruta do Río Mao

Ruta do Río Vilameá

Ruta Torrente-Salgueiro

Ruta A Cela-Pitões

Viveiro das Mámoas



ALTA

3,6 km

3 h

LINEAL

MEDIA/  
ALTA

11 km

4 h

CIRCULAR

MEDIA

8,5 km

3 h

CIRCULAR

MEDIA

4 km

2,30 h

CIRCULAR

ALTA

14 km

8 h

LINEAL

MEDIA/  
ALTA

16,5 km

4-5 h

CIRCULAR

BAIXA/  
MEDIA

3,4 km

2 h

CIRCULAR

BAJA/  
MEDIA

1,7 km

45 min

CIRCULAR

MEDIA/  
ALTA

22 km

12 h

LINEAL

ALTA

28 km

10 h

LINEAL

MEDIA

49 km

22 h


CIRCULAR



Parques  
Naturais  
de Galicia

# Baixa Limia Serra do Xurés

**PORTUGAL**  
Parque Nacional  
Peneda Gerês





## PUNTOS SINGULARES

- 1.- Casola do Foxo (Dolmen) *Arqueoloxía*
- 2.- Casiña da Moura (Dolmen) *Arqueoloxía*
- 3.- Restos romanos *Arqueoloxía*
- 4.- Casa da Moura *Arqueoloxía*
- 5.- Aquis Originis *Arqueoloxía*
- 6.- Mota Grande (Portugal) *Arqueoloxía*
- 7.- Mota Grande *Arqueoloxía*
- 8.- Petroglifo *Arqueoloxía*
- 9.- Castro da Coroa *Arqueoloxía*
- 10.- Castro dos Castrelos *Arqueoloxía*
- 11.- Aquis Querquennis *Arqueoloxía*
- 12.- Escusalla *Arquitectura popular*
- 13.- Salgueiro *Arquitectura popular*
- 14.- Mina das Sombras *Arquitectura popular*
- 15.- Alvariza *Arquitectura popular*
- 16.- Casa Xuiz *Arquitectura popular*
- 17.- Cabaniña do Curro *Arquitectura popular*
- 18.- Forno Randín *Arquitectura popular*
- 19.- Ponte de Covas *Arquitectura popular*
- 20.- Eira de Esperanzo *Arquitectura popular*
- 21.- Conxunto de hórreos de Padrendo *Arq. popular*
- 22.- Olelas *Arquitectura popular*
- 23.- A Cela *Arquitectura popular*
- 24.- Xermeade *Arquitectura popular*
- 25.- Randín *Arquitectura popular*
- 26.- Corbelle *Arquitectura popular*
- 27.- Foxo Lobo Monte Grande *Arquitectura popular*
- 28.- Foxo de Lobo de Guende *Arquitectura popular*
- 29.- Alvariza *Arquitectura popular*
- 30.- Chivana do Chan da Vella *Arquitectura popular*
- 31.- Muíños do río Vilameá *Arquitectura popular*
- 32.- Muíños do río Mao *Arquitectura popular*
- 33.- Chivana Santa Eufemia *Arquitectura popular*
- 34.- Pontón de Prado *Arquitectura popular*
- 35.- Pontón de Xermeade *Arquitectura popular*

- 36.- As Cortes da Carballeira *Arquitectura popular*
- 37.- Igrexa Visigótica de Santa Comba *Arquit.relixiosa*
- 38.- A Clamadreira *Arquitectura relixiosa*
- 39.- Ermida do Xurés *Arquitectura relixiosa*
- 40.- Ermida da Aparecida *Arquitectura relixiosa*
- 41.- A Sobreira (Iglesia) *Arquitectura relixiosa*
- 42.- Santa Nuestra Señora de la Ascensión *Arq. relixiosa*
- 43.- Santa María do Val de Riocaldo *Arq. relixiosa*
- 44.- Ermida do Castro *Arquitectura relixiosa*
- 45.- Cruceiro de Vilariño *Arquitectura relixiosa*
- 46.- Ermida de Santiago *Arquitectura relixiosa*
- 47.- Peto de Ánimas de Vilar *Arquitectura relixiosa*
- 48.- Peto de Ánimas da Canle *Arquitectura relixiosa*
- 49.- Peto de Ánimas de Parada do Monte *Arq. relixiosa*
- 50.- Santuario do Couso *Arquitectura relixiosa*
- 51.- Ermida de San Antonio *Arquitectura relixiosa*
- 52.- Ermida Motas e Viso *Arquitectura relixiosa*
- 53.- Igrexa de Bande *Arquitectura relixiosa*
- 54.- Igrexa San Miguel de Lobios *Arq. relixiosa*
- 55.- Igrexa San Salvador de Manín *Arq. relixiosa*
- 56.- Ermida de San Pedro en Ludeiros *Arq. relixiosa*
- 57.- Parque forestal O Corgo *Medio natural*
- 58.- Carballos singulares *Medio natural*
- 59.- Corga da fecha *Medio natural*
- 60.- Castelo da Pica *Medio natural*
- 61.- Pia da Moura *Medio natural*
- 62.- Poza da Seima *Medio natural*
- 63.- Pozo Caído *Medio natural*
- 64.- Pozos do Mallón *Medio natural*
- 65.- Poza de Auga *Medio natural*
- 66.- Pozas das Forcadiñas *Medio natural*
- 67.- Pozas da Corga da Fecha *Medio natural*
- 68.- Centro de interpretación Aquae Quenquennae *Museo*
- 69.- Aguas termales río Caldo *Termalismo*
- 70.- Aguas termales *Termalismo*
- 71.- Pueblo *Arquitectura popular*

### Rutas Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés

- 1 Ruta Corga da Fecha
- 2 Ruta de Padrendo
- 3 Ruta de Queguas
- 4 Ruta Ermida do Xurés
- 5 Ruta Mina das sombras
- 6 Ruta Río Agro
- 7 Ruta Río Mao
- 8 Ruta Río Vilameá
- 9 Ruta Torrente - Salgueiro
- 10 Sendero A Cela - Pitões
- 11 Vieiro das Mamoas

... Via Romana

Limite Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés

Estradas

Camiños

Fronteira España-Portugal

1 Punto de información

2 Vistas panorámicas

3 Arquitectura Popular

4 Fervenza

5 Castro

6 Cruceiro

7 Formación Senlleira

8 Mina

9 Museo

10 Parque Forestal

11 Patrimonio Arqueolóxico (Romano)

12 Peto de Ánimas

13 Petroglifo

14 Vilas

15 Arquitectura - Historia


16 Termalismo

17 Túmulo

18 Ponte

19 Ermita

20 Áreas de descanso



# Paquetes turísticos



## *Benvido á autenticidade do Xurés*

**Sherpa Project**, consultora especializada en turismo, seleccionou algunhas das mellores experiencias para que a túa viaxe sexa inesquecible. A través de Viajes Tambre - **Aventuras en Galicia** poderás reservar os programas que che presentamos.

Faite protagonista da túa propia experiencia, ou busca máis información doutros servizos turísticos en contacto coa natureza na páxina web de Turismo de Galicia.

### **Condicións dos paquetes turísticos:**

- \* Os prezos que se indican son por persoa en réxime de AD e cuarto dobre. IVE incluído en todos os servizos.
- \* Oferta suxeita a dispoñibilidade e temporada do ano.
- \* Algunhas actividades poden esixir un grupo mínimo.

### **Máis información e reservas:**

info@aventurasengalicia.com · T. 981 561 785

PROGRAMAS XURÉS EN 2 DÍAS

# Descubre O Xurés dando pedais



Ruta en bicicleta de montaña.  
Estancia en Balneario de Lobios.

***O balneario de Lobios tenche preparado un plan perfecto: un pouco de bici combinada con natureza e termalismo.***

Empeza a xornada realizando unha ruta do Centro BTT Serra do Xurés. Dende o propio balneario hanche aconsellar cal é a ideal para ti e, se queres viaxar sen preocuparte de cargar coa túa propia bici, alí poderás alugala ou mesmo escoller unha bici eléctrica para unha experiencia máis relaxada; deste xeito só terás que centrarte en descubrires este territorio. Tras a ruta, nada mellor que deixarse agarimar cun pediluvio e unha masaxe de pernas. E se che queda vagar,

dá un paseo polas ribeiras do río Caldo antes da cea.

O segundo día mergúllate nas augas quentes de Lobios, sen présa... que o único que te faga saír da auga sexan as ganas de degustar algunha das receitas gastronómicas locais.

**CEA + 1 NOITE DE ALOXAMENTO + ALMORZO +  
RUTA EN BICICLETA + PEDILUVIO + MASAXE DE PERNAS.**  
**Prezo dende 80€/persona.**

*Consultar condicións do paquete turístico.*



# PROGRAMAS XURÉS EN 2 DÍAS

## Explora O Xurés



Running e saída en kaiak.  
Estancia en Aviva Sports Center.

*¿Só pensas en correr para escapar do día a día e conectar coa natureza?*

Reserva dous días para ti na axenda e escapate a Aviva Center, un complexo especializado en deportes de montaña onde poderás montar o teu campo base e saír a trotar sen que te teñas que desprazar a ningún sitio.


Fai o teu check-in á montaña: suxerímosche unha ruta pola contorna do encoro de Salas. E, por que non? Achégate ata á aldea de Cela; logo, se as pernas che piden relax, pregunta polas Pozas da Seima, máis coñecidas por **Pozo Negro**.

Despois será hora de disfrutar das instalacións e dunha cea caseira. Para o día seguinte temos un plan que non vas poder rexeitar: unha saída en kaiak polas augas tranquilas do encoro de Maus de Salas.

**CEA + 1 NOITE DE ALOXAMENTO + ALMORZO + ACTIVIDAD DE KAIK.**

**Prezo dende 50€/persona.**

*Consultar condicións do paquete turístico.*



# PROGRAMAS XURÉS EN 2 DÍAS

## As aldeas de O Xurés



Ruta en todoterreo polas aldeas do Xurés.  
Estancia en Casa da Feira.

*Propoñémosche unha forma moi particular de visitar as aldeas escondidas de O Xurés.*

Desfruta dunha xornada percorrendo antigos camiños en todoterreo para chegar a aldeas esquecidas e coñecer a tradición do interior destas serras. Xurés Activo ha facerche de guía e, na metade do camiño, ha sorprenderte cun pícnic ao aire libre.

Alóxate na Casa da Feira, unha casa rural típica das aldeas de montaña do sur de Galicia, e descubre a experiencia de sentirte como un habitante máis. Pola noite agárdate una

cea tradicional.

Para te despedires deste marabilloso destino, dedícalle o teu último día á arqueoloxía romana cunha visita ao complexo arqueolóxico Aquis Querquennis.

**CEA + 1 NOITE DE ALOXAMENTO + ALMORZO + PÍCNIC + RUTA EN TODOTERREO.**

**Prezo dende 120€/persona.**

*Consultar condicións do paquete turístico.*





# Non deixes de ver

Unha selección de catro visitas obrigadas que non te deixarán indiferente e que encarnan a esencia do Parque Natural do Xurés.

## **Bolos**

Busca formas sorprendentes nas grandes pedras graníticas coñecidas como **bolos** que están repartidos por todo o Parque. Na aldea de A Cela atoparalos formando parte de vivendas.



## **A fauna do Xurés**

Non perdas a oportunidade de ver algún exemplar de mamíferos característicos do Parque como corzos, cervos, cabra montesa, cabalos de raza galaico-portuguesa ou a vaca *cachena* (autóctona).



## **Miliarios da Vía Nova**

Estes grandes conos de pedras sinalaban as distancias existentes nas vías romanas. Cerca de Portela do Home (Lobios) consérvanse varios exemplares que foron trasladados dende os seus lugares orixinais.




## **Poza da Seima**

Dende a aldea de A Cela existe unha senda sinalizada que che permitirá contemplar este salto de auga duns 15 metros de alto, cunha gran fronte de pedra e unha poza de considerables dimensións.



# Faite co pasaporte de Parques Naturais de Galicia

Infórmate das vantaxes que che ofrece e síguenos en:  
**#GaliciaNaturaleÚnica**



## Parques Naturais de Galicia | Fragas do Eume

O bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa. O río Eume e os mosteiros de Caaveiro e Monfero son os seus principais atractivos. Un bosque máxico que agocha nas ribeiras húmidas máis de 20 especies de fentos e 200 de líques.



## Parques Naturais de Galicia | Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

A duna móbil máis grande do noroeste peninsular, cunha extensión de máis de 1 quilómetro de lonxitude, 250 metros de ancho e unha altura de 20 metros. Son de grande interese a lagoa de auga doce de Vixán e a lagoa de auga salgada de Carregal, que mantén a comunicación co mar.



## Parques Naturais de Galicia | Serra da Enciña da Lastra

A aciñeira, unha árbore propia de climas mediterráneos, xunto coas súas 25 especies diferentes de orquídeas convérteno nunha excepción dentro da paisaxe galega. Referente para os amantes da espeleoloxía debido á existencia dun gran número de covas que aquí se coñecen como 'palas'.



## Parques Naturais de Galicia | Monte Aloia

Primeiro Parque Natural de Galicia que contou cunha reforestación feita á medida polo enxeñeiro Rafael Areses. As lendas afirman que se trata do Monte Medulio, escenario do suicidio colectivo das tribos celtas antes de caeren nas mans dos romanos.



## Parques Naturais de Galicia | O Invernadeiro

Un espazo natural sen asentamentos humanos nas súas proximidades. Natureza en estado salvaxe representada polo lobo, que convive coas súas principais presas, como o corzo e o xabaril. Os seus cumios redondeados comparten espazo cun sorprendente circo glaciar e impresionantes fervezas.

## RECOMENDACIÓNS

Deixa o vehículo nos estacionamentos habilitados.

Arrincar flores e plantas está prohibido, ademais de poñer en perigo especies singulares.

Antes de faceres unha ruta, comproba a dificultade e o tempo que debes investir nela.

En moitos dos Parques Naturais organizan visitas guiadas e interpretadas gratuítas. Chama antes.

Camiña polos sendeiros habilitados.

Non está permitida a acampada libre nin pasar a noite con caravanas.

Fai un uso responsable do lixo; se non hai contedores, gárdao ata que atopas un.

Non está permitido o baño fóra das zonas habilitadas.

**Apps gratuítas:**



Sendegal  
Parques naturais  
Birding galicia

## EMERXENCIAS

Urxencias 112  
Seprona 062  
Incendios forestais 085



[www.turismo.gal](http://www.turismo.gal)



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*



Parques  
Naturais de Galicia

**galicia**  
*o bo camiño*



**XUNTA  
DE GALICIA**





## Aloxamentos · Alojamentos · Accommodation



### ALBERGUE TURÍSTICO · TOURIST HOSTEL

#### ALBERGUE MUNICIPAL DE BANDE

★★  
Grupo escolar, s/n, 32840, Bande  
T. 988 443 001  
concello@concellobande.com



### APARTAMENTOS · APARTMENTS

#### O COMBARRIZO

Araúxo (San Martiño), 14, Suigrexa, 32879, Lobios  
T. 615 942 374  
ocombarrizo@gmail.com  
http://ocombarrizo.com

#### CASA PRADO

Vilameá de abaixo, 18, 32846, Bande (San Pedro)  
T. 660 122 039  
marie.radde@club-internet.fr

#### CASA SAN MARTIÑO

Río Caldo (Santa María), Vilameá, 32895, Lobios  
T. 625 471 202

#### EL VALLE

Río Caldo (Santa María), Bubaces, 32895, Lobios  
T. 678 509 258  
T. 637 857 177  
contacto@elvalleapartamentos.com  
www.elvalleapartamentos.com

#### VÍA NOVA

Estrada OU-312 km 1,8, 32870, Lobios  
T. 988 448 407  
apartamentosvianova@hotmail.com  
www.apartamentosvianova.net

#### APARTAMENTOS TURÍSTICOS

##### CASA REQUIÁS

Requiás (Santiago), 32880, Muíños  
T. 629 444 360  
prietovila@yahoo.es



### CAMPING

#### O CORGO 2ª Cat.

Outeiro de Cela (Mugueimes), Muíños  
T. 988 406 075

#### QUINTA DA VIÑA GRANDE 2ª Cat.

A Illa (San Lourenzo), 2, Lantemil, 32860, Entrimo  
T. 661 423 801  
vinagrande@hotmail.com



### HOTEIS · HOTELES · HOTELS

#### BARCELONA ★

Besteira, s/n, Galez (San Fiz), 32860, Entrimo  
T. 988 434 724  
hotelbarcelona@hotmail.es

#### LUSITANO ★

Estrada de Portugal, 47, 32870, Lobios  
T. 988 448 028  
lusitano@lusitanohotel.com  
www.lusitanohotel.com

#### HOTEL AV APARTAMENTOS ★

Estrada Portugal, 61, 32870, Lobios  
T. 609 847 933  
repcion@hotelavapartamentos.com  
www.hotelavapartamentos.com

#### LOBIOS CALDARIA ★★★

Río Caldo, s/n, Río Caldo (Santa María), 32870, Lobios  
T. 988 448 440  
lobios@caldaria.es  
www.caldaria.es



### PENSIÓNS · PENSIONES · PENSIONS

#### CASA ROSALÍA ★★

Lobios (San Miguel), 28, Pazos, 32870, Lobios  
T. 988 448 407  
casarosalia@outlook.es  
www.alojamientoruralrosalia.com

#### LA ENTRIMEÑA-2 ★★★

Cortiña da Fonte, s/n, 32860, Entrimo  
T. 630 926 206

#### AS TERMAS ★★

Río Caldo (Santa María), 9, Os Baños, 32895, Lobios  
T. 988 448 284  
pensionastermas@hotmail.es  
www.pensionastermas.com

#### BARCELONA ★

Galez (San Fiz), 8, A Feira Vella, 32868, Entrimo  
T. 988 434 724



### TURISMO RURAL · RURAL TOURISM

#### CASA DA FEIRA VELLA G. B

Galez (San Fiz), 15, A Feira Vella, 32860, Entrimo  
T. 988 434 963  
casadafeiravella@gmail.com  
www.casadafeiravella.com

#### CASA D'ASPERELO G. B

Galez (San Fiz), 27, Asperelo e Olín, 32868, Entrimo  
T. 988 434 910  
T. 679 678 138  
turaldea@gmail.com  
www.casadasperelo.com

#### CASA DA FEIRA G. A

Araúxo (San Martiño), 9, A Portaxe, 32879, Lobios  
T. 697 689 635  
info@xuntactivo.es  
www.casadafeira.es

#### AS FONTES G. B

Porqueirós (Santo André), 30, 32880, Muíños  
T. 670 319 790  
jp\_asfontes@hotmail.com  
www.casaasfontes.com

#### CASA DO EIRÓ G. B

Do Eiro, 6, Calvos (Santiago), 32644, Calvos de Randín  
T. 988 434 005  
casadoeirocalvos@gmail.com  
www.casaruraldoeiro.com

#### CASA MARIÑA G. B

Pombal 65, Bande (San Pedro), 32840, Bande  
T. 988 443 640  
casaruralmarina@hotmail.com  
www.casaruralmarina.es

#### CASA RECTORAL DE SAN PEDRO G. A

Muíños (San Pedro), Mugueimes, 32880, Muíños  
T. 639 030 034  
concello.muinos@eidolocal.es  
www.concellomuinos.com

#### CASA BARALLÓ G. B

Barrio Baralló, 3, Grou (San Mamede), 32892, Lobios  
T. 988 434 566  
casadebarallo@telefonica.net  
www.casabarallo.com



## Aloxamentos · Alojamentos · Accommodation



### VIVENDAS TURÍSTICAS · VIVIENDAS TURÍSTICAS · TOURIST HOUSING

#### CASA DA TIA DOLORES

Muíños (San Pedro), Picós, 32880, Muíños  
T. 932 314 733  
pneira@telefonica.net

#### CASA CHUCA

Requiás (Santiago), 123, 32880, Muíños  
T. 629 444 360

#### CASA DA ABUELA

Chaus De Limia, 32850, Lobeira  
T. 686 887 635  
juandoschous@hotmail.es



## Restaurantes



### RESTAURANTES · RESTAURANTS

#### ORELLAS 4ª Cat. †

Faustino Santalices, 28, Bande (San Pedro), Bande, 32840, Bande  
T. 988 443 063

#### BARCELONA 4ª Cat. †

Besteira, s/n, Galez (San Fiz), 32860, Entrimo  
T. 988 434 724

#### A MADALENA 4ª Cat. †

A Magdalena, 2, 32870, Lobios  
T. 988 302 941

#### LUSITANO 4ª Cat. †

Cruces, 47, Lobios (San Miguel), 32870, Lobios  
T. 988 448 028  
lusitano@lusitanohotel.com  
www.lusitanohotel.com

#### RÍO CALDO 4ª Cat. †

Río caldo, 1, Río Caldo (Santa María), 32870, Lobios  
T. 988 984 736

#### CASINO 4ª Cat. †

Rúa da Igrexa, 3 baixo, 32860, Entrimo  
T. 671 279 439

#### MÓNICA 4ª Cat. †

Maestro Taibo, 60, Bande (San Pedro), 32840, Bande  
T. 988 443 321

#### CASA DA FEIRAVELLA 4ª Cat. †

Galez (San Fiz), 15, A Feira Vella, 32860, Entrimo  
T. 610 526 405

#### VÍA NOVA

Río Caldo, s/n, 32870, Lobios  
T. 988 448 440

#### MESÓN DO GINO 4ª Cat. †

32870, Lobios  
T. 988 448 407  
casapazos@hotmail.com  
www.casapazos.blogspot.com

#### PARRILLADA O TOURAL 4ª Cat. †

Cervantes, 2, 32860, Entrimo  
T. 988 434 968  
asesoriaotero@mundo-r.com

#### ALERO 4ª Cat. †

Alcalde Higuero Cardoso, 16, Lobeira (San Vicente), 32850, Lobeira  
T. 988 458 549

#### MESÓN A TOUZA 4ª Cat. †

Eiró, 17 - 19, 32644, Calvos de Randín  
T. 988 449 811

#### CASA MARIÑA 4ª Cat. †

Pombal, 65, Bande (San Pedro), 32840, Bande  
T. 988 443 640

#### LA ENTRIMEÑA 4ª Cat. †

Sta. María La Real, 52, 32860, Entrimo  
T. 630 926 206

#### O ESQUECEMENTO 4ª Cat. †

Chaus da Limia, Santa Comba (San Trocado), 32850, Lobeira, Ourense  
anapicon74@gmail.com





## Turismo activo e deportivo · Turismo activo y deportivo · Active and sports tourism



### TURISMO DEPORTIVO · SPORTS TOURISM

#### RUTAS DO XURÉS

Bubaces - Riocaldo, Río Caldo (Santa María), 32870, Lobios

### CLUBE FONTEFRIA

Xoaquín Lorenzo Mugeines, Muíños (San Pedro), 32880, Muíños  
T. 988 443 465

### XURESACTIVO

Río Caldo (Santa María), Vilameá, 32870, Lobios  
T. 988 448 138

## Turismo de Galicia



[www.turismo.gal](http://www.turismo.gal)